

NOVO VARAPALO XUDICIAL A IZAR E A S.E.P.I.
RESPECTO DAS RETRIBUCIÓNNS AOS PREXUBILADOS
E PREXUBILADAS

Ferrol, a 26 de xullo de 2016

CCOO de Industria amósase moi satisfeita pola Sentenza ditada pola Sá do Social da Audiencia Nacional a semana pasada.

A Sá insiste, como en todas as ocasións anteriores, na posición xurídica defendida polas organizacións sindicais asinantes dos acordos do ano 2004 respecto das prexubilacións do naval público (MCA-UGT e CCOO de Industria).

Declara nulo, unha vez máis, o criterio de SEPI e de Avogacía do Estado de minorar as retribucións aos prexubilados no 1 % por conta do IPC real de 2014 (- 1%), o único negativo rexistrado desde que hai estatísticas ao respecto. Segundo a Audiencia Nacional, hai xurisprudencia máis ca sobrada do Tribunal Supremo respecto das coñecidas como "cláusulas de revisión salarial", na que se reitera que nunca se poderá aboar nun exercicio cantidades inferiores por regularizacións á baixa "agás que tal operación se pacte expresamente" (Sentenza de 19 de Novembro de 2013, entre outras moitas).

Como en ningún texto dos E.R.E.'s pactados no naval nestes últimos anos hai referencia ningunha a aplicar IPC's á baixa, tales descontos son xuridicamente nulos.

E sendo isto así, nos preguntamos: cantos xuízos hai que perder neste ámbito para que a SEPI e o Goberno entendan que os acordos están para ser cumplidos?